

ACTIVIDADE 1.- Escolle a definición axeitada en cada caso.



O superestrato da lingua galega é .

O substrato da lingua galega é .

Cando falamos de adstrato da lingua estamos a referirnos a .

Ao falar de préstamo lingüístico referímonos a .

O trobador é .

O xograr é .

Os eran os segreiros.

O menestrel é .

eran as soldadeiras.

Se falamos da estamos a referirnos a aquela que se ocupa de que o texto manteña a unidade temática e siga unha orde entre as ideas principais e as secundarias.

A é a propiedade textual que fai que un texto se axeite á situación comunicativa na que se produce (destinatarios, tema, contexto...).

Un texto debe contar con , isto é, coa propiedade e os recursos que fan dese texto un conxunto de enunciados ben expresado e coas ideas e as oracións ben enlazadas entre si, con procedementos como sinónimos, conectores, signos de puntuación, etc.



ACTIVIDADE 2.- Indica se as seguintes afirmacións sobre os soportes das cantigas medievais galego-portuguesas son verdadeiras ou falsas.

As cantigas medievais galego-portuguesas chegaron a nós na súa maior parte grazas a que foron recompiladas en tres grandes pergamiños.

O Cancioneiro de Ajuda consérvase na Biblioteca do Vaticano e contén 1200 cantigas de varios xéneros.

O Cancioneiro da Vaticana consérvase na Biblioteca Nacional de Lisboa e contén case 1600 cantigas e un tratado de poética.

O Cancioneiro da Biblioteca Vaticana consérvase no Palacio de Ajuda en Portugal e contén 300 cantigas de amor.

O Pergamiño Vindel contén sete cantigas de amor do rei Dom Denis de Portugal.

O Pergamiño Sharrer contén sete cantigas de amigo de Martín Códax e a súa notación musical.

Os cancioneiros en que se recollen as cantigas medievais eran lidos de maneira individual polos nobres das cortes máis ricas da península.

Aínda que se transmitían oralmente, grazas ás recompilacións nos pergamiños e cancioneiros, as cantigas medievais chegaron ata nós.

ACTIVIDADE 3.- Indica a que variedade ou rexistro pertence cada unha das seguintes características.

Usámolo nas conversas habituais con familia, amigos...

É espontáneo e expresivo.

Presenta un gran coidado da corrección gramatical.

Ten un léxico rico e coidado.

O ton empregado é impersoal e distante.

A pronuncia é relaxada.

Predomina a función expresiva da linguaxe.

A información que se dá está ben seleccionada e organizada.





ACTIVIDADE 4.- Lembra os factores que repercuten na variación da lingua e indica cal é o determinante en cada caso.

A lingua empregada por un trovador do século XII non é igual cá lingua empregada por un poeta do século XXI.

Unha avogada non emprega a lingua igual ca outra persoa que só ten estudos primarios básicos.

Un fisterrán, un chairego, un lugués ou un ourensán non empregan a lingua do mesmo xeito.

Eu non emprego a lingua do mesmo xeito cando falo cos meus amigos ca cando falo cos meus pais.

ACTIVIDADE 5.- Indica cales das características seguintes son propias da modalidade estándar.



Úsase nas conversas habituais coa familia ou cos amigos, é espontánea, expresiva...

Pode ser compartida por todo o mundo que fala unha lingua xa que respecta unha normativa común.

Pretende non achegarse excesivamente a ningunha variedade ou rexistro concreto.

Ten unha finalidade estética e utiliza recursos literarios (rima, metáforas...)

É a que se utiliza nos medios de comunicación (radio, prensa, televisión...), no ensino, na Administración...

De non existir esta variedade estándar, a comunicación sería inviable con tanta variación dentro da lingua.